

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto con regulación harmonizada/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	Servizo de redacción do Plan Director e Proxecto básico e de execución de desenvolvemento de dito plan para "ABRIR FERROL AO MAR"	
Número expediente	AVH 03004 24/09	Cívidas 2023048107
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	20 de xuño de 2024	
Hora de inicio	09:21:00	
Hora remate	09:39:00	
Asistentes sen voto	Dona M. ^a José González Novo, arquitecta municipal de Urbanismo.	
Excusa asistencia	Dona Blanca García Olivares, concelleira delegada da área que propuxo a contratación (Urbanismo)	

Presidente:

Don Javier Pastor Díaz Mosquera, concelleiro delegado da área de Alcaldía; Promoción Económica e Emprego; Fondos Europeos; Participación e Atención Cidadá; Organización Interna e Contratación.

Vocais:

Dona Ana Elisa Quindós Lindín; xefa de servizo de contratación; dona Ana M.^a Vázquez Fernández, directora da asesoría xurídica; dona Sonia Corral Corral, viceinterventora, en suplencia da interventora municipal e don Anxo Sánchez de Nicolás, xefe de sección, en suplencia do xefe de servizo da área que propuxo a contratación (Urbanismo).

Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (celebrada en data 10/06/2024)

Se aproba co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto que participaron na sesión anterior.

2.- Calificación da documentación presentada polo licitador requirido á que se refire a cláusula 27 do PCAP. Adopción dos acordos que procedan.

Postos en antecedentes; deuse conta de que por medio de PLACE, se requiriu á licitadora PROYFE, SL a presentación da documentación a que se refire a cláusula 27 do PCAP aos efectos da adxudicación do contrato. A licitadora atendeu o requerimento do órgano se asistencia, dentro do prazo concedido, presentando resposta en PLACE os efectos requiridos; a documentación presentada se remite a revisión e informe dos servizos técnicos municipais (*a que se refire á acreditación de solvencia económica e financeira e a correspondente á solvencia técnica e medios personais*)

Considerando toda a documentación acreditativa presentada, tendo en conta os datos inscritos no Registro

Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público (ROLECE) e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (núm. 194) referidos pola empresa; a documentación solicitada oficio (*inexistencia de débedas tributarias co Concello de Ferrol de ambas*); a opinión técnica favorable respecto da acreditación de solvencia económica e financeira (*emitida pola Intervención Municipal en data 17/06/2024*); o informe técnico favorable respecto da acreditación de solvencia técnica e medios (*emitido polo arquitecta municipal en data 17/06/2024*) xunto con todos os extremos esixidos na cláusula 27 do PCAP, a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, ACORDOU:

- CALIFICAR favorablemente a documentación acreditativa presentada pola licitadora PROYFE, SL e, na súa consecuencia, elevar proposta de adjudicación ao órgano de contratación ao seu favor.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

DILIXENCIA: *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 20/06/2024; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*